



Xacobeo 2021

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais

Mes de xullo de 2020

PROVINCIA DE A CORUÑA
XULLO 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	72.252	-57,2%	161.355	-55,4%	2,23	4,2%	33,69%	-27,99
PENSIÓNS	29.259	-45,7%	56.638	-44,9%	1,94	1,4%	27,44%	-12,23
ESTAB. HOTELEIROS	101.511	-54,4%	217.993	-53,1%	2,15	2,9%	31,80%	-23,09
APTOS. TURÍSTICOS	7.297	13,6%	21.632	-11,7%	2,96	-22,3%	38,33%	-9,59
TURISMO RURAL	4.477	-56,5%	12.793	-44,9%	2,86	26,6%	27,73%	-11,07
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	11.774	-29,5%	34.425	-27,9%	2,92	2,4%	-	-
TOTAL	113.285	-52,7%	252.418	-50,7%	2,23	4,1%	-	-

- Comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de A Coruña neste primeiro mes do verán. En concreto, descende a cifra de viaxeiros aloxados un 53% e o volume de noites un 51% en relación ao mesmo período do pasado ano. Significa isto que este mes os establecementos regrados da provincia perderon algo máis da metade da demanda rexistrada no mesmo período de 2019.
- Obsérvase ademais un comportamento negativo xeneralizado nas diferentes tipoloxías, con caídas da demanda en todas elas de diversa intensidade. Descende o volume de noites un 55% nos hoteis, un 45% nas pensións e en turismo rural e nun 12% nos apartamentos turísticos –a modalidade que mellor resistiu as consecuencias da crise nesta “nova normalidade”.
- O 86% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 64% nos hoteis e un 22% nas pensións-. O 14% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado. En concreto, neste mes descende anto o turismo interno –un 19%- , como o receptor nacional –un 49%- e o internacional –un 80% neste caso-.
- O segmento de maior peso neste mes é o receptor nacional. Representa en xullo o 63,5% do total das noites hoteleiras. O mercado interno absorbe o 25%, porcentaxe superior á do pasado ano mentres que o internacional fica no 11%.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución parella á demanda. Descende en todas as tipoloxías, con maior intensidade nos hoteis.

PROVINCIA DE LUGO
XULLO 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	22.914	-54,3%	41.482	-56,3%	1,81	-4,5%	27,42%	-24,62
PENSIÓNS	5.704	-78,4%	9.101	-78,0%	1,60	2,1%	11,73%	-21,50
ESTAB. HOTELEIROS	28.618	-62,6%	50.583	-62,9%	1,77	-0,7%	22,06%	-22,31
APTOS. TURÍSTICOS	4.206	-30,0%	15.261	-36,2%	3,63	-8,9%	37,09%	-5,87
TURISMO RURAL	3.207	-58,2%	5.545	-63,7%	1,73	-13,1%	13,59%	-13,20
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	7.413	-45,8%	20.806	-46,9%	2,81	-2,1%	-	-
TOTAL	36.031	-60,1%	71.389	-59,3%	1,98	1,9%	-	-

- Rexístrase neste primeiro mes do verán un descenso da demanda turística na provincia de Lugo. Cae a cifra de viaxeiros aloxados un 60% e o volume de noites un 59% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Obsérvase un comportamento negativo nas diferentes tipoloxías de aloxamento. Descende de forma notable o volume de noites nos hoteis –un 56%-, nas pensións –un 78%-, nos apartamentos turísticos –un 36%- e nos establecementos de turismo rural –un 64% neste caso-. Tamén na provincia de Lugo, aínda que con menor diferenza, se aprecia mellor comportamento relativo dos apartamentos fronte ás restantes modalidades.
- O 71% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 58% nos hoteis e un 13% nas pensións-. O 29% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 21%- e os establecementos de turismo rural –co 8% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste mes un comportamento negativo e homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado. Descende un 57% o turismo de ámbito nacional -tanto o interno coma o receptor- e un 89% o internacional. O segmento de maior peso neste mes de xullo é o turismo receptor nacional –representa o 60% das noites hoteleiras-. O 34% corresponde ao interno mentres que tan só o 6% é internacional.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento parello ao da demanda. Descende en todas as modalidades con diversa intensidade –en máis de 20 puntos nos hoteis e pensións, en 13 puntos no segmento de turismo rural e en seis puntos nos apartamentos turísticos-.
- A estadía media increméntase levemente neste mes –un 1,9% en particular- para situarse en dúas noites –a cifra máis baixa das catro provincias galegas-.

PROVINCIA DE OURENSE
XULLO 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	16.280	-43,6%	31.165	-42,4%	1,91	2,2%	28,24%	-12,94
PENSIÓNS	2.752	-57,2%	7.174	-44,3%	2,61	30,2%	13,43%	-6,52
ESTAB. HOTELEIROS	19.032	-46,1%	38.339	-42,7%	2,01	6,2%	23,40%	-10,76
APTOS. TURÍSTICOS	311	-74,6%	849	-77,7%	2,73	-12,1%	12,68%	-18,21
TURISMO RURAL	2.943	-22,3%	6.503	-11,5%	2,21	13,9%	25,39%	1,72
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	3.254	-35,1%	7.352	-34,1%	2,26	1,6%	-	-
TOTAL	22.286	-44,7%	45.691	-41,5%	2,05	5,8%	-	-


- Ourense participa tamén da dinámica negativa deste mes e rexistra caídas importantes da demanda turística regrada. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados un 45% e o volume de noites un 41,5% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- A caída da demanda atinxe a todas as tipoloxías, con notable intensidade nos apartamentos turísticos –cun descenso do 78%-, tamén importante no segmento hoteleiro –do 43%- e menor no segmento do turismo rural –cun descenso neste caso do 11,5%-. Este último parece que resistiu mellor as consecuencias negativas da crise neste contexto de “nova normalidade”.
- O 84% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 68% nos hoteis e un 16% nas pensións-. O 16% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 2%- e os establecementos de turismo rural –co 14% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento igualmente negativo dos tres grandes segmentos de mercado. Neste mes descende o turismo interno un 42%, o receptor nacional un 38% e o internacional un 65% -todas as porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste mes é o mercado receptor nacional –representa o 50% do total das noites hoteleiras-. O turismo interno representa o 43% mentres que o 7,5% restante queda para o internacional.
- A dinámica dos niveis de ocupación amosa un comportamento algo diferente ao da demanda. Empeora en todas as modalidades agás no segmento de turismo rural que consegue mellorar en case dous puntos a cifra do pasado ano –por mor dunha caída da oferta superior ao da demanda-.
- A estadía media increméntase neste mes –un 5,8% en particular- situándose en pouco máis de dúas noites.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA
XULLO 2020

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19	%	Var. Int. 20/19
HOTEIS	97.570	-43,9%	259.930	-47,0%	2,66	-5,5%	37,39%	-23,85
PENSIÓNS	11.139	-63,2%	31.668	-47,4%	2,84	42,9%	25,54%	-15,56
ESTAB. HOTELEIROS	108.709	-46,7%	291.598	-47,0%	2,68	-0,5%	35,59%	-22,50
APTOS. TURÍSTICOS	8.051	-20,6%	46.334	-16,9%	5,76	4,6%	35,38%	-17,54
TURISMO RURAL	4.490	-41,1%	16.264	-23,7%	3,62	29,5%	29,18%	-6,85
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	12.541	-29,4%	62.598	-18,8%	4,99	14,9%	-	-
TOTAL	121.250	-45,3%	354.196	-43,5%	2,92	3,3%	-	-

- Comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de Pontevedra neste primeiro mes do verán. Obsérvase neste sentido unha dinámica parella á das restantes provincias, cun descenso da cifra de viaxeiros aloxados do 45% así como do volume de noites –do 43,5% neste caso-.
- A caída da demanda atinxe a todas as tipoloxías consideradas, con intensidade variable. Descende así o volume de noites un 47% nos hoteis e pensións, un 24% nos establecementos de turismo rural e un 17% nos apartamentos turísticos.
- O 82% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 73%- e ás pensións –co 9% neste caso-. A porcentaxe restante corresponde aos apartamentos turísticos –co 13% da demanda- e aos establecementos de turismo rural –co 5% neste caso-.
- A nivel de mercados obsérvase un comportamento igualmente negativo, con caídas de diversa intensidade. O turismo interno –dos residentes en Galicia- descende un 28%, o receptor nacional un 46% e o internacional un 74%. Así pois é o mercado interno o que mellor resiste as consecuencias da crise.
- O segmento de maior peso na provincia é o mercado receptor nacional –absorbe o 61% do total da demanda-. O 30% corresponde ao interno –dos residentes en Galicia- mentres que tan só o 9% é internacional.
- Os niveis de ocupación descenden tamén de forma variable. Obsérvanse neste mes caídas de case 24 puntos porcentuais nos hoteis –segmento que sofre con maior intensidade este contexto negativo-, do contorno dos 16-17 puntos nos apartamentos turísticos e pensións e de sete puntos en turismo rural.
- Sobe levemente neste mes a estadía media –un 3,3%- situándose en 2,9 noites –a cifra máis elevada das catro provincias galegas.

Reparto da demanda turística regrada. Noites xullo 2020



Variación da demanda turística regrada. Noites xullo 20/19

